



CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Estimados pais/nais:

A resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación Educativa, DOG do 8 de outubro de 2018, establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consello Escolares de centros de educación non universitarios. Notifícolle de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as.

1.- CONSELLO ESCOLAR

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición é a seguinte:

Directora do centro, xefa de estudos, secretaria (con voz pero sen voto), 5 profesores/as elixidos/as polo claustro, 5 pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA máis representativa), 1 representante do Concello, 1 representante da administración e servizos.

Os membros do Consello Escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso cómpre facer unha renovación. **No sector pais/nais de alumnos/as, corresponde renovar tres dos seus membros e no sector de mestres/as cómpre renovar dous.**

2.- XUNTA ELECTORAL

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha Xunta Electoral formada por: a directora do centro, 1 profesor/a, 1 pai/nai de alumno/a e 1 representante do persoal de administración e servizos (elixidos en sorteo público).

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

a) Electores

Son o pai e a nai ou titores legais (**poden votar os dous**) dos alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto dende hoxe, **día 5** no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros**)

b) Elixibles

Todos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo á Xunta Electoral. Para iso **deberán cubrir o impreso oficial que pode recoller no Centro ou pedilo a través do seu fillo/a.**

O prazo de presentación de candidaturas abrírase dende hoxe, día 5 ata o 14 do presente mes. O impreso de solicitude haberá que entregalo na administración do Centro.

c) Elección

A VOTACIÓN para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase, entre os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral, o vindeiro día 27 DE NOVIEMBRE no colexio diante dunha mesa electoral constituída por:

A directora do centro, que será a súa presidenta, catro pais/nais e titores legais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o **día 16 de novembro ás 12:30 horas** na administración do Centro).

A Xunta Electoral acordou que o **horario de votación** fose axeitado de cara a facilitar que todos os pais/nais e titores legais poidan exercer o seu dereito ó voto. Será **entre as 14:30 e as 17:30 horas**.

O voto será directo, segredo e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo e fará constar na papeleta un nome.

d) Supervisores

Poderán actuar como supervisores/as da votación os pais/nais ou titores/as do alumnado matriculado no colexio, ben propostos/as pola ANPA do centro, ben avalados/as pola sinatura de dez pais/nais.

A aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación.

Aos membros integrantes da Xunta Electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación do establecido na lexislación vixente.

Para máis información sobre o proceso pode consultar a lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia sección Consello Escolar de Galicia. Tamén pode Vde. Pasar polo colexio onde lle facilitaremos a información que precise.

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa, e lembrámoslles que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais dos alumnos, se presente o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

4.- CALENDARIO ELECTORAL APROBADO POLA XUNTA ELECTORAL

5/11/2018: Publicación dos Censos Electorais.

Do 5 ao 14 de novembro (ambos inclusive): Presentación de candidaturas e de reclamacións ao Censo.

15/11/2018: Resolución de reclamacións ao censo electoral.

16/11/2018: 2ª reunión Xunta Electoral, proclamación de candidaturas, sorteo de compoñentes da mesa electoral para a votación de pais/nais, modelo de papeleta de votación.

27/11/2018: Votación sector pais/nais do alumnado e votación sector mestres/as (Claustro extraordinario).

29/11/2018: 3ª reunión da Xunta Electoral. Proclamación de candidatos elixidos.

4/12/2018: Constitución do Consello Escolar.

Sigüeiro, 5 de novembro de 2018

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Rosario Astray Costoya

